

# FOLLETO MISA CON NENOS

15 de outubro 2023 ORDINARIO 28º-A  
*Mateo 22, 1-10: "Ide á festa e traede o  
vestido axeitado".*

Mensaxe: Viste o teu corazón de festa  
que Xesús te invita a un banquete

Jesús te invita a una fiesta

no le des la espalda...



# 1. MONICIÓN DE ENTRADA

Irmáns e irmás: O Señor preparounos un banquete, unha festa grande e convidounos a todos. Nós acudimos á festa da eucaristía deixando as nosas actividades e preocupacións. Poñámonos o traxe de festa, un traxe que non o atoparemos no armario nin nos grandes almacéns; atoparémolo no noso interior, é o traxe da alegría, da graza. Que cada domingo a Eucaristía sexa a festa do encontro con Xesús, a festa da comunidade na que cada un poña o mellor de si mesmo.


## **SAÚDO DO SACERDOTE:**

No nome do Pai... *Xesús, que cada domingo nos invita á Eucaristía e se fai presente entre nós, sexa convosco.*

# 2. SÚPLICAS DE PERDÓN

**Sacerdote:** *Pedimos perdón ao Señor polas nosas escusas e pecados.*

- **Catequista:** Ti que nos convidas cada domingo para celebrar a eucaristía, a festa de Cristo morto e resucitado. **Señor, ten piedade de nós.**



- **Neno/a:** Ti que non te cansas de escoitar as nosas desculpas ao preferir outras festas. **Cristo, ten piedade de nós.**

- **Pais:** Ti que queres que veñamos co traxe novo da graza, do perdón, da fraternidade. **Señor, ten piedade de nós.**

**Sacerdote:** *Que Deus, noso Pai, nos purifique do pecado e nos faga dignos de participar desta Eucaristía.*

### 3. MONICIÓN Á PALABRA DE DEUS

As lecturas de hoxe fálannos de festa de alegría, de banquete para os que acollemos a Deus. Para Isaías Deus preocúpase de nós e por iso preparará para todos unha gran festa e enxugará as bágoas de todos. San Paulo agradece a axuda dos que o asistiron e convídaos a celebrar e gozar a salvación de Dios. No evanxeo, Xesús ponse triste porque algúns rexeitan a Deus, non acoden á súa festa poñendo escusas ou non visten o traxe da graza, de fillos de Deus.

## LECTURAS

**ISAÍAS 25, 6-10a:** *Preparará o Señor un festín, e enxugará as bágoas de todos os rostros.*

Preparará o Señor do universo para todos os pobos, neste monte, un festín de manxares succulentos, un festín de viños de soleira; manxares exquisitos, viños refinados. E arrincarará neste monte o veo que cobre a todos os pobos, o lenzo estendido sobre todas as nacións. Aniquilará a morte para sempre. Deus, o Señor, enxugará as bágoas de todos os rostros, e afastará do país o oprobio do seu pobo —díxoo o Señor—. Aquel día dirase: «Aquí está o noso Deus. Esperabamos nel e salvounos. Este é o Señor en quen espero. Celebremos e gocemos coa súa salvación, porque repousará sobre este monte a man do Señor». Palabra do Señor.

**SALMO 22: R/. Habitarei na casa do Señor por anos sen termo.**

**FILIPENSES 4, 12-14. 19-20:** *Todo o podo naquel que me conforta.*

Irmáns: Sei vivir en pobreza e abundancia. Estou avezado en todo e para todo: á fartura e á fame, á abundancia e á privación. Todo o podo naquel que me conforta. En todo caso, fixestes ben en compartir as miñas tribulacións. En pago, o meu Deus proverá a todas as vosas necesidades con magnificencia, conforme á súa riqueza en Cristo Xesús. A Deus, noso Pai, a gloria polos séculos dos séculos. Amén. *Palabra do Señor.*

**MATEO 22,1-10** (forma breve): *A todos os que encontrades, chamádeos á voda.*

**Narrador:** Naquel tempo, volveu falar Xesús en parábolas aos sumos sacerdotes e aos anciáns do pobo, dicindo:

**Xesús:** -«O reino dos ceos parécese a un rei que celebraba a voda do seu fillo; mandou os seus criados para que chamasen os convidados, pero non quixeron ir. Volveu mandar outros criados encargándolles que dixesen aos convidados:

**Rei:** -*“Teño preparado o banquete, matei tenreiros e reses cebadas e todo está a punto. Vide á voda”*.

**Xesús:** -Pero eles non fixeron caso; un marchouse ás súas terras, outro aos seus negocios, os demais agarraron aos criados e maltratáronos e matáronos. O rei montou en cólera, enviou as súas tropas, que acabaron con aqueles asasinados e prenderon lume á cidade. Logo dixo aos seus criados:

**Rei:** - *A voda está preparada, pero os convidados non lla merecían. Ide agora aos cruces dos camiños e a todos os que atopades, chamádeos á voda”*.

**Xesús:** -*Os criados saíron aos camiños e reuniron a todos os que atoparon, malos e bos. A sala do banquete encheuse de comensais». Cando o rei entrou a saudar aos comensais, reparou nun que non levaba traxe de festa e díxolle:*

**Rei:** -*“Amigo, como entraches aquí sen o vestido de voda?”*.

Palabra do Señor.

(Narrador-Xesús- Rei).

## 4. ORACIÓN DOS FIEIS

*Sacerdote: Ti, Pai, fixeches da vida e da terra unha oferta de banquete gratuito e solidario, e invitas a todos a participar nel. Por iso dicímosche.*

**R. -Grazas por invitarnos á túa festa.**

1. Pola Igrexa e polas nosas parroquias para que sexan comunidades alegres e festivas. **Oremos.**
2. Polas familias para que sexan fogares de comunión, santuarios de vida e oración e escolas onde se aprende a vivir o evanxeo. **Oremos.**
3. Polos cristiáns para que aceptemos cada domingo a invitación do Señor para celebrar con alegría a festa dominical do encontro con Cristo na eucaristía. **Oremos.**
4. Para que non poñamos escusas a vivir a fe, a estar con Xesús, a vivir para el. **Oremos.**
5. Por nós, para que acudamos á Eucaristía con traxe digno, co traxe do amor e da graza dos fillos de Dios. **Oremos.**
6. Polos nenos da catequese para que esta os axude a coñecer máis a Xesús, a atoparse con el cada domingo e a construír o seu Reino. **Oremos.**
7. Polos que sofren os efectos sanitarios económicos e sociais da pandemia, polos enfermos, por todos nós para que sexamos responsables. **Oremos.**

*Sacerdote: Escoita, Señor, a nosa oración, e que un día poidamos participar na festa do ceo levados da man de María. Por XCNS. Amén.*

## 5. PROCESIÓN DE OFRENDAS

### - CIRIO DE ALTAR ACENDIDO:

Ofrecémosche, Señor, este cirio aceso, símbolo da túa presenza entre nós, que nos reúne, ilumina e alegras nesta festa dominical que estamos a celebrar.

### - CADEIRA BALEIRA:

Hoxe traemos xunto a ti esta cadeira baleira, polos que non están aquí na túa festa, polos que preferiron outras cousas que sentar á mesa contigo, e por nós que tamén ás veces poñemos escusas e non acudimos a estar contigo e alimentarnos co Pan que nos dás.

### - PAN E VIÑO:

Co pan e o viño, manxar que comemos todos os domingos, ofrecémosche Señor o que Ti mesmo nos deixaches aquel Xoves Santo: o teu Corpo e o teu Sangue. Que nunca nos falte a Eucaristía e, así, faremos da vida unha auténtica festa.

*Oh Virxe do Pilar,  
Raiña e Nai.*

*Recoñecemos con gratitude a túa protección  
constante e esperamos seguir contando con  
ela. Pídelle ao teu Fillo que nos dea  
fortaleza na fe, seguridade na esperanza e  
constancia no amor.*

*Nestes tempos de incertezas onde todo se  
abanea sé ti o Pilar firme  
e seguro que nos sosteña.*

*Que en todos os instantes da nosa vida  
sintamos que ti es a nosa Nai.*

*Amén.*





## 6.- ORACIÓN DE GRAZAS

### *Vinde á festa*

**Soan as campás**, que voan como música de festa, cantando a todo volume e chamando:

**-“Vide, vide!, que xa é a hora. Vide, vide!, Deus agárdavos...”.**

**É domingo.** Soan as campás como un corazón que latexa intensamente. O Pobo de Deus dispónse a acudir á misa. A Eucaristía é, ante todo, unha invitación. A Eucaristía é, ante todo, un “quérote”. A Eucaristía é, ante todo, Deus que convida.

**-“Vide, vide!, que xa é a hora. Vide, vide!, Deus agárdavos...”.**

**Convídavos a todos!** Aos que teñen o corazón frío ou tépedo, aos que teñen o corazón ardente ou feito anacos, aos que teñen o corazón demasiado pesado, riseiro, ou cheo de amor... Por favor, suplícovolo, deixade pasar ao meu corazón, que hoxe é a súa festa!

**-“Vide, vide!, que xa é a hora.**

**-Vide, vide!, Deus agárdavos...”.**

**FELIZ DOMINGO,  
día do SEÑOR**